

Puppet

Sen dúbida, unha das tarefas máis tediosas do administrador de equipamentos informáticos é a continua actualización do *software* e configuración do sistema operativo. Cando estas tarefas as hai que realizar sobre unha rede ampla de equipos, con sistemas operativos Linux e Windows instalados e cunha grande cantidade de utilidades *software* para a práctica docente este traballo aumenta exponencialmente.

A ferramenta de xestión e configuración **Puppet** vai a permitir que estas tarefas se poidan facer dun xeito centralizado, cómodo e rápido, empregando unha linguaxe declarativa que será obxecto de estudo.